



| Guía Docente          |   |                    |                     |          |
|-----------------------|---|--------------------|---------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                     | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Iniciación á investigación educativa  | Código             | 652604E22           |          |
| Titulación            | 10 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Sociais (Geografía e Historia)   |                    |                     |          |
| Descritores           |   |                    |                     |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                | Créditos |
| Mestrado Oficial      | Anual   | Primeiro           | Obrigatoria         | 2        |
| Idioma                | Castelán  |                    |                     |          |
| Modalidade docente    | Híbrida   |                    |                     |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                     |          |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación  |                    |                     |          |
| Coordinación          | Losada Puente, Luisa  | Correo electrónico | luisa.losada@udc.es |          |
| Profesorado           | Losada Puente, Luisa  | Correo electrónico | luisa.losada@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |                     |          |
| Descrición xeral      | Neste curso pretendemos que o estudante do máster se familiarice cos diferentes tipos de investigacións no ámbito educativo; que coñeza, comprenda e valore as características da metodoloxía científica e, ademais, comprenda os procedementos para a realización de investigacións en educación.  |                    |                     |          |
| Plan de continxencia  | 1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: sesión maxistral, traballos tutelados, proba mixta. *Metodoloxías docentes que se modifican: presentación oral - realizarase una presentación non presencial, facendo uso dos medios tecnolóxicos a disposición do alumnado. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: - TEAMS: atenderase a través desta plataforma (reunións virtuais, chat) só no horario de clase e tutorías.. - Outlook: atenderanse correos electrónicos do alumnado para dúbidas e cuestións relacionadas cos contidos da materia 4. Modificacións na avaliación; non se realizarán cambios. *Observacións de avaliación: anúlase a obrigatoriedade da asistencia no caso de confinamento. Non obstante, o alumnado deberá realizar e entregar o traballo tutelado na data prevista ao inicio das clases. Considérase "alumnado no asistente" aquel que non comprobe co requisito de asistencia antes de iniciarse o confinamento, así como aquel que non entregue nas datas previstas as actividades. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non se realizarán cambios. |                    |                     |          |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A5                                  | (CE-E5) Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.   |
| A10                                 | (CE-E10) Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulamentación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.  |
| A11                                 | (CE-E11) Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.   |
| A12                                 | (CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación empregando indicadores de calidade.   |
| A13                                 | (CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e aprendizaxe das materias da especialización e propor alternativas e solucións.  |
| C1                                  | N.1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.   |
| C3                                  | N.3. Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4                                  | N.4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6                                  | N.6. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C8                                  | N.8. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe  |  |                                     |     |
|--|--|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe  |  | Competencias / Resultados do título |     |
| Os estudantes serán capaces de recoñecer a estrutura dos diferentes traballos de investigación |  | AP5                                 | CP6 |
|  |  | AP10                                | CP8 |



|  |                      |  |                   |
|--|----------------------|--|-------------------|
| Os estudantes serán capaces de identificar e comprender as diferentes fases e actividades que require a actividade investigadora | AP5<br>AP10<br>AP11  |  | CP4<br>CP6        |
| Os estudantes serán capaces de realizar propostas e deseños metodolóxicos acordos coa temática concreta que queiran investigar   | AP11<br>AP12<br>AP13 |  | CP3<br>CP6<br>CP8 |
| Os estudantes serán competentes para deseñar e desenvolver un proxecto de investigación  | AP11<br>AP12<br>AP13 |  | CP1<br>CP3        |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| Tema 1. A investigación avaliativa: O problema de investigación | 1.1. Plantexamiento do problema<br>1.2. As hipóteses de traballo e os obxectivos                               |
| Tema 2. Metodoloxías e técnicas da investigación educativa      | 2.1. A metodoloxía cuantitativa<br>2.2. A metodoloxía cualitativa<br>2.3. Técnicas de recollida de información |
| Tema 3. Deseños de proxectos de investigación educativa         | 3.1. Elaboración dun proxecto de investigación   |

| Planificación          |                           |   |                         |              |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A5 A10 C6 C8              | 5                                       | 0                       | 5            |
| Proba mixta            | A5 A10 A11 C4 C6          | 1                                       | 10                      | 11           |
| Traballos tutelados    | A11 A12 C3 C6             | 6                                       | 18                      | 24           |
| Presentación oral      | A12 A13 C3 C1             | 2                                       | 6                       | 8            |
| Atención personalizada |                           | 2                                       | 0                       | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |  |
|---------------------|--|
| Metodoloxías        | Descrición   |
| Sesión maxistral    | <p>Exposición oral por parte do docente na que se traballarán os contidos que conforman o marco teórico, complementada co uso de presentacións e medios audiovisuais, así como da introducción de cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, coa fin de que a aprendizaxe teña un carácter máis dinámico e permita a participación do alumnado.</p> <p>A estrutura das sesións maxistras rexirase pola orde establecida nos contidos de aprendizaxe, introducindo teóricamente cada un dos temas e subtemas; ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para aprofundar no tema; e o traballo teórico complementarase en cada sesión coas actividades que se levarán a cabo correspondentes ás fases do proceso de investigación.</p> |
| Proba mixta         | Proba de avaliación de coñecemento que poderá integrar preguntas de ensaio (abertas ou de desenvolvemento) e preguntas de tipo obxectivo (selección múltiple, de resposta múltiple, discriminación, completar e/ou asociación).  |
| Traballos tutelados | <p>Elaborarase un proxecto de investigación sobre unha temática suxerida polos/as estudantes e que estea no marco da titulación que están a cursar. Cada una das partes do traballo a realizar será abordada teóricamente nas sesións expositivas previamente a fin de que o traballo sirva para reforzar os contidos teóricos, e os contidos teóricos sexan un apoio para a elaboración do traballo práctico por parte do/da estudante.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.</p>   |



|                   |   |
|-------------------|---|
| Presentación oral | Exposición verbal a través da que o alumnado (en grupos de 4-6 persoas) e el docente interactúan dun modo ordenado onde, nun primeiro momento, o grupo expón dun xeito orixinal e innovador a súa proposta de investigación e, en segundo lugar, a docente poderá propoñer cuestións, solicitar aclaracións de aspectos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. |
|-------------------|---|

## Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición   |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>Para desenvolver a proposta de proxecto de investigación que se plantexa como actividade central na asignatura, os estudantes contarán co apoio do docente. Para isto, se realizarán titorías tanto presenciais como virtuais e poderán plantexarse as dúbidas de forma individual ou grupal.</p> <p>Pero ademáis, durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o desenvolvemento do proxecto. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.</p> |

## Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias / Resultados | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|---------------------------|--|---------------|
| Proba mixta         | A5 A10 A11 C4 C6          | <p>Proba escrita na que se valorará a adquisición dos coñecementos teórico e prácticos da asignatura por medio dunha proba que incorporará todos os contidos abordados na materia.</p> <p>Os tipos de preguntas poderán ser de verdadeiro/falso (V/F), resposta múltiple e/ou resposta curta.</p>  | 30            |
| Presentación oral   | A12 A13 C3 C1             | O proxecto investigador proposto será presentado de forma oral, e valorarase seguindo criterios relacionados coa calidade e a claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos esixidos e o emprego de recursos innovadores.  | 20            |
| Traballos tutelados | A11 A12 C3 C6             | Ao longo das sesións iránse desenvolvendo de forma teórica e práctica os diferentes apartados dun proxecto investigador centrado nunha temática relacionada cos contidos do módulo. O alumnado deberá desenvolver eses contidos de forma escrita, xustificando cada decisión tomada. Poderase realizar de forma individual ou grupal e será entregado na data indicada polo docente o primeiro día de clase. | 50            |

## Observacións avaliación



A asistencia a clase é obrigatoria (80%). Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

(a) Alumnado asistente: o que cumpra co requisito de asistencia dun 80% (sesións teóricas e prácticas). Será avaliado seguindo os criterios propostos para a "Avaliación" da materia, sendo necesario que realice o traballo tutelado (50%), a presentación oral (20%) e a proba mixta (30%). Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

(b) Alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 e 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa e a entregue ao docente. O alumnado que se adhira a esta modalidade terá que presentar a proposta de proxecto investigador que será valorada cun 50% da calificación final da materia (o prazo máximo de entrega será o mesmo que para os seus compañeiros/as asistentes) e terá que realizar o exame da proba mixta, cuxa calificación será o 50% da nota final. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

(c) Alumnado non asistente: aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%. Será avaliado únicamente a través da proba mixta, se bien esta proba conterá dúas partes, unha delas (50%) referida a preguntas sobre os contidos prácticos da materia e a outra (50%) na que se avalíen os contidos teóricos. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademáis se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio.



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Sevilla: Punto Rojo Libros, S.L.</li><li>- McMillan, J.H. y Schumacher, S. (2010). Investigación educativa (5ª ed.). Madrid: Pearson</li><li>- Bisquerra Alzina, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla</li><li>- Carvajal Sánchez, J. (Coord.) (2012). Iniciación a la investigación. Colombia: INICIEN</li><li>- Fernández C., Hernández, R. y Baptista P. (2006). Metodología en la investigación. México: Mcgraw Hill</li><li>- Arana, F. (2014). Método experimental para principiantes. Madrid: Fondo de Cultura Económica</li></ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>- Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners. Nueva Delhi: APH Publishing Corporation</li><li>- Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: New Age International Publisher</li><li>- Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press.</li></ul>  |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías